

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SETE PEÓNS/ESPECIALISTAS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PROGRAMA INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLO DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021. FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A Deputación Provincial da Coruña acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, aprobadas por Resolución de Presidencia num. 2020/39428 de 02/12/2020.

A finalidade do Programa de Integración Laboral PEL-CONCELLOS REACTIVA á apoiar aos concellos da provincial de menos de 20.000 habitantes na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais relacionados ca loita e a mitigación dos efectos negativos provocados pola COVID-19, durante o período de 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

O Concello de Ponte deume levará a cabo o proxecto, que ten como obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir uns servizos públicos esenciais para o cidadán.

Polo tanto, para desenvolver este proxecto é necesario cubrir as prazas necesarias e que prevé a contratación de sete (7) traballadores/as desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia: 7 peóns/especialistas de obras públicas. Isto farase a través de contratos laborais temporais vinculados ao programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2021 (Programa de integración laboral 2021), por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a xornada completa, e terán unha duración dende a súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2021.

1.- OBXECTO

A convocatoria referirase ás seguintes prazas:

O obxecto do programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

No contexto socioeconómico actual, marcado pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus COVID-19, é vontade da Deputación da Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Prazas: 7 peóns/especialistas de obras públicas.

Conforme a natureza da bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2021, e máis concretamente segundo o establecido no apartado núm.2.1, o Concello deberá realizar a contratación do persoal unha vez que quede acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas a contratar e de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo tanto, para dar cumprimento a estes principios, o Concello publicará estas bases tanto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web do Concello (www.pontedeume.gal).

Tamén se terá en conta o previsto no antedito apartado 7 das citadas bases, que sinala que no proceso selectivo, valorarase como mérito, na fase de concurso, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin terase que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, a quen se fai referencia no apartado 2.1 das devanditas bases do programa.

2.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro (BOE número 261 do 31 de outubro de 2015):

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Posuír a titulación esixida: certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

Por outra banda, e tal e como se sinalou anteriormente, conforme o previsto no apartado 2 das Bases do Programa de integración laboral, anualidade 2021, as persoas a contratar no programa deberán estar entre as recollidas nas devanditas bases como incluídas en situacións de exclusión laboral. Estas situacións, que deberán ser cumpridas polos candidatos para ser admitidos ao proceso selectivo no momento da presentación das solicitudes para participar, serán alomenos unha das seguintes situacións, que serán acreditados fehacientemente no momento da solicitude para participar no proceso de selección por medio de informes dos servizos sociais municipais ou autonómicos, así como certificados ou documentos expedidos por unha administración pública, acreditativos da circunstancia que se faga valer para ser admitido:



Mulleres ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

Maiores de 45 anos.

Parados de longa duración. Aos efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven mais de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.

Persoas en situación de drogodependencia.

Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.

Persoas con fogar monoparental.

Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

Persoas vítimas de violencia de xénero.

Persoas sin fogar.

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, para poder ser admitido ao proceso selectivo, circunstancia que se acreditará presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Galicia.

En caso de presentarse varios/as candidatos/as para o posto, serán propostos/as polo tribunal e posteriormente nomeados/as polo alcalde, os/as candidatos/as que obteñan unha maior puntuación no conxunto do proceso selectivo,

Para estes efectos requiriráselles aos/as candidatos/as a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou fotocopia compulsada. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados. As instancias presentaranse acompañadas do DNI. Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para cada unha das prazas no apartado correspondente destas bases.

4.- SOLICITUDES

Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015 (neste caso enviarase un fax ao Concello ao número 981 43 33 68, dentro do prazo de presentación) no prazo de CINCO DÍAS (5) hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia así como na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal.

Xunto coa solicitude sera necesario presentar copia da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/s como dos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fehacientemente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

O tribunal admitirá a todos/as aqueles/as candidatos/as que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba escrita, poderá habilitar un período para a subsanación se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá subsanar a documentación relativa aos méritos. O tribunal publicará a relación definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios do Concello e complementariamente na web municipal (www.pontedeume.es).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Posteriormente e do mesmo xeito anunciárase o lugar, día e hora no que terá lugar o exercicio escrito que deberán realizar todos/as os/a concursantes admitidos.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (Celga 1), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): Un presidente, tres vogais e un secretario, que serán nomeados na resolución de admitidos-excluídos.

O tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o correspondente informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

Para os efectos do RD424/2002 a categoría das prazas convocadas é de tipo 3

6.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES

O Concello non procederá a facer as contratacións ata que se lle notifique por parte da Deputación Provincial da Coruña a concesión da subvención.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos e probas, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación ó Sr. Alcalde-Presidente das persoas seleccionadas por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificados. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ó Sr. Alcalde-Presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario.

O Tribunal publicará a lista coa cualificación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que un aspirante seleccionado renunciara, considerarase proposto o seguinte da lista.

Por outra banda, non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo tribunal, presente, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
- Documentación orixinal dos requisitos mínimos achegados coa instancia. Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.



En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

7.- PRAZAS OFERTADAS

Proxecto: Limpeza en xardíns e zonas verdes. Labores de mantemento de fontes públicas municipais. Limpeza de rúas e prazas públicas, retirando as herbas e verdíns esbaradizos. Lavado de zonas sombrías con dificultade de tránsito, como escaleiras, ramplas.... Retirada de herbas nos muros de pedra do casco histórico. Limpeza e desinfección de lugares onde están os contedores, sobre todo nas proximidades do mercado municipal. Traballos de vías e obras e colocación de sinais. Reforzo e axuda ó persoal do Concello en outras actividades que sexan necesarias, e cubrindo as vacacións do propio persoal do Concello. Traballos de albanelería en xeral.

Para a execución deste proxecto, constituirase unha cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais para o exercicio 2021 do que formarán parte os sete (7) traballadores/as.

Titulación mínima:

Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Duración do contrato:

O contrato terá unha duración, dende a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2021, vinculado ao devandito Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL - CONCELLOS REACTIVA anualidade 2021, convocado pola Deputación Provincial da Coruña. A xornada laboral, será xornada completa, 37,5 horas semanais, distribuídas segundo necesidades da área.

8.- FUNCÍONS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme á solicitude realizada á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS REACTIVA anualidade 2021, os/as traballadores que se contraten formarán parte da cuadrilla de obras e servizos municipais, que realizará un conxunto de pequenas obras ou servizos que teñen por obxecto a limpeza en xardíns e zonas verdes, labores de mantemento de fontes públicas municipais, limpeza de rúas e prazas públicas, retirando as herbas e verdíns esbaradizos, lavado de zonas sombrías con dificultade de tránsito, como escaleiras, ramplas...., retirada de herbas nos muros de pedra do casco histórico, limpeza e desinfección de lugares onde están os contedores, sobre todo nas proximidades do mercado municipal, traballos de vías e obras e colocación de sinais, reforzo e axuda ó persoal do Concello en outras actividades que sexan necesarias, e cubrindo as vacacións do propio persoal do Concello. Traballos de albanelería en xeral.

En xeral, as actuacións realizaranse en lugares como áreas recreativas, beirarrúas, parques e xardíns, zonas verdes, e entornos naturais, fincas e camiños de titularidade municipal e outros lugares de uso colectivo como fontes e lavadoiros públicos. Todas as actuacións ou servizos levaranse a cabo en bens e terreos de titularidade municipal e sobre os que existe plena dispoñibilidade.

9.-COÑECEMENTO DE GALEGO.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Conforme establece a Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 1 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

10.-CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO-OPOSICIÓN

A- fase de oposición:

A-1 Primeiro exercicio: Consistirá en supostos prácticos no que os aspirantes desenvolverán por escrito, tarefas relacionadas coas prazas obxecto da convocatoria.

O tribunal valorará a claridade nas descrición do suposto.

A devandita proba será valorada entre 0 e 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos, para dar a proba como superada.

A-2 Segundo exercicio: Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica, a realizar con ferramentas ou maquinaria, que habitualmente se utiliza polos traballadores municipais, para o desenvolvemento do seu traballo cotidiá.

A devandita proba será valorada entre 0 e 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos, para dar a proba como superada.

A fase de concurso: máximo 1 puntos. Só serán valorados os candidatos que superen a fase de oposición.

Segundo o apartado 7 das bases do PIL aprobadas pola Deputación da Coruña, que sinala que no proceso selectivo, valorarase como mérito, na fase de concurso, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, a fase de concurso será valorada do seguinte xeito:

- Ter rematado favorablemente programas de capacitación, organizados ou financiados polas Administracións Públicas. 0,25 puntos por programa
- Ter rematado favorablemente programas de formación organizados ou financiados polas Administracións Públicas:
Por cursos de formación relacionados exclusivamente coa materia obxecto de contratación:
 - De máis de 10 a 25 horas, 0,20 puntos c/u.
 - De máis de 25 a 50 horas, 0,40 puntos c/u.
 - De máis de 50 a 100 horas, 0,60 puntos c/u.
 - De máis de 100 horas, 0,80 puntos c/u.
- Ter rematado favorablemente programas de integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 0,25 punto por programa.

No caso de empate entre os aspirantes, aplicaranse a efectos de desempate, os criterios establecidos no apartado 7,2 das bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2020 (BOP núm. 29 de 12 de febreiro de 2020) segundo a orde recollida en devanditas bases.

En todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei



5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia; e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

11.- BOLSA DE TRABALLO:

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluído os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidade do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados neste proceso. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

12.-ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir notificando á Presidencia cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita Lei.

13.- PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Ponte deume, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Ponte deume, Rúa Real 13,15600. Ponte deume.

14.-RECURSOS.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MODELO DE INSTANCIA

Ó SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

D./Dña. _____ de _____ anos, con domicilio en _____, Rúa/ _____ nº _____, piso _____ C.P. _____, Teléfono _____ D.N.I. nº _____, ante VS. comparezo para manifestar:

Que desexo participar no proceso convocado para a selección de persoal laboral temporal, para a cobertura de DE SETE POSTOS DE PEÓNS/ESPECIALISTAS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PROGRAMA INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLO DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, PEL-CONCELLOS REACTIVA ANUALIDADE 2021, FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Que reúno tódolos requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, nas Bases que declaro coñecer e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude, e no suposto de obter a praza a prestar xuramento ou promesa do cargo, consonte ó disposto no R.D. 707/1979, do 5 de abril.

Adxunto achego coa presente instancia, segundo dispón a Base 3ª. 2 da Convocatoria:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b) Fotocopias dos requisitos.

-Tarxeta como demandante de emprego.

-
-
-
-

c) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no Baremo.

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido no proceso convocado para a cobertura DE SETE (7) POSTOS DE PEÓNS/ESPECIALISTAS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PROGRAMA INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLO DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, PEL-CONCELLOS REACTIVA ANUALIDADE 2021.

En Ponte deume, de de 2021.

(Sinatura)

